



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la brecha salarial que afecta a las mujeres gallegas**.

La brecha laboral y salarial que aún sufren las mujeres en el mercado laboral requiere de medidas para acabar con una grave desigualdad que penaliza el presente y el futuro de miles de mujeres. Así, cobrar menos por realizar el mismo trabajo tiene un impacto muy directo en las cotizaciones y, por tanto, en las pensiones.

En base a los datos de la Encuesta Anual de Estructura Salarial 2023, las trabajadoras gallegas padecen una brecha salarial de casi el 16% (4326 euros menos al año) de media. Una diferencia salarial que asciende hasta el 26% si consideramos únicamente las remuneraciones procedentes del ámbito privado, es decir, sin tener en consideración los salarios públicos. Asimismo, en las pensiones de jubilación la diferencia es del 32,6%, entre las que cobran las mujeres y las que reciben los hombres, influyendo también en ello, el menor periodo de cotización de las mujeres.

Las mujeres gallegas cobran 4326,07 euros menos al año que los hombres y perciben en la actualidad un salario medio equivalente al que recibían los hombres en 2015. Esto implica que las gallegas dejaron de percibir en 2023 un total de 2350 millones de euros, sin contabilizar el trabajo no retribuido que las mujeres desempeñan en el ámbito familiar.

Los informes de la AEAT indican que en 2024, el 40,3% de las mujeres asalariadas tenían ingresos inferiores o iguales al SMI, frente al 28,1% de los hombres. Asimismo, cabe destacar que las mujeres de Galicia, con 15,36 euros por hora, ocupan el tercer lugar empezando por el final, siendo de las retribuciones más bajas y situándose por debajo de la media estatal de 17,08 euros por hora. Si se atiende a los datos del Instituto Gallego de Estadística sobre la brecha salarial por hora trabajada en los siete principales municipios de Galicia, la mayor brecha se registra en A Coruña, con un 19,2%; seguido de Santiago, con un 14,6%; Ferrol, un 13,5%; Lugo, un 9,8%; Pontevedra, un 9%; Vigo, un 7,5%; y Ourense, donde la diferencia entre hombres y mujeres por hora trabajada es menor, un 6,3% (debido en gran medida a que los salarios en conjunto son más bajos).



Considerando los datos en relación con el resto del Estado, destaca que el salario medio de las mujeres gallegas es de 23.153,78 euros al año, frente a los 25.591,31 de media del Estado. Es decir, un 9,5% menos en el caso de las trabajadoras gallegas respecto a la media de todo el Estado. Una diferencia que puede llegar al 25,4% si se hace la comparativa con las comunidades con salarios más altos del Estado.

En definitiva, si bien en los últimos años se han producido ciertos avances en el camino hacia la igualdad, es evidente que aún queda mucho por hacer para eliminar la brecha laboral y salarial, asegurando salarios y pensiones dignos para las mujeres y garantizando que reciban la misma remuneración por el mismo trabajo que realizan sus compañeros.

Detrás de la brecha salarial se evidencia la pervivencia de un sistema patriarcal que reserva a las mujeres trabajos más precarios, a tiempo parcial y con menor estabilidad, por lo que, además de recibir una menor remuneración, al finalizar su relación laboral no tienen derecho a prestaciones por la precariedad de las condiciones. Además, las mujeres siguen asumiendo la mayor parte de la carga de la conciliación y se ven obligadas a renunciar al trabajo remunerado por la atención al cuidado de familiares dependientes.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hace el Gobierno de la brecha salarial de casi el 16% que aún sufren las mujeres gallegas y que implica que cobren 4.326 euros menos al año? ¿Qué medidas adoptará para favorecer que se corrija esta situación?
2. ¿Es consciente del impacto que esto tiene no solo en el poder adquisitivo de las mujeres gallegas sino también en las pensiones de jubilación? ¿Es conocedor de que las mujeres gallegas sufren una brecha del 32,6% en sus pensiones de jubilación? ¿Qué medidas ha adoptado al respecto?
3. ¿Tiene conocimiento de que las mujeres gallegas, con 15,36 euros por hora, ocupan el tercer puesto por la cola en retribuciones más bajas?
4. ¿Qué le parece que el 40,3% de las mujeres asalariadas tengan ingresos inferiores o iguales al SMI frente al 28,1% de los hombres?



5. ¿Tiene presente que las mujeres se ven abocadas a un modelo de contratación en el que predomina la contratación parcial, precaria o temporal, que impide el acceso a las prestaciones cuando finaliza la relación laboral y reduce las cotizaciones?
6. ¿Qué medidas está desarrollando para acabar con la brecha salarial de las mujeres gallegas de forma real?

Madrid, a 24 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 FEB. 2026 20:12:26

Entrada **102472**

Sobre as medidas adoptadas para a eliminación da fenda salarial na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á fenda salarial que afecta ás mulleres galegas.**

A fenda laboral e salarial que aínda sofren as mulleres no mercado laboral precisa de medidas para acabar cunha grave desigualdade que penaliza o presente e o futuro de miles de mulleres. Así, cobrar menos pola realización dos mesmos traballos ten un impacto moi directo nas cotizacións e, por tanto, nas pensións.

En base aos datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial de 2023, as traballadoras galegas padecen unha fenda salarial de case 16% (4.326 euros menos ao ano) de media. Unha diferenza salarial que ascende até 26% se consideramos unicamente as remuneracións procedentes do ámbito privado, isto é, sen ter en consideración os salarios públicos. Así mesmo, nas pensións de xubilación a diferenza é de 32,6%, entre as que cobran as mulleres e as dos homes, influíndo tamén para iso, o menor tempo de cotización por parte das mulleres.

As mulleres galegas cobran 4.326,07 euros menos ao ano que os homes e perciben na actualidade un salario medio equivalente ao que percibían os homes en 2015. Isto implica que as mulleres galegas deixaron de percibir en 2023, un total de 2.350 millóns de euros, sen contabilizar o traballo non retribuído que as mulleres desempeñan no ámbito familiar.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 FEB. 2026 20:12:26

Entrada **102472**



Os informes da AEAT indican que en 2024, 40,3% das mulleres asalariadas tiñan ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte a 28,1 dos homes. Así mesmo, é de destacar que as mulleres da Galiza, con 15,36 euros hora, ocupan o terceiro posto polo final, sendo das retribucións máis baixas e situándose por debaixo da media do Estado de 17,08 euros por hora. Se se atende aos datos do Instituto Galego de Estatística sobre a fenda salarial por hora traballada nos sete principais concellos da Galiza, a maior brecha rexístrase na Coruña, de 19,2%; seguido de Santiago, co 14,6%; Ferrol, 13,5%; Lugo, 9,8%; Pontevedra, 9%; Vigo, de 7,5%; e Ourense onde a diferenza entre homes e mulleres por hora traballada é menor, de 6,3% (debido en grande medida a que o conxunto dos salarios son máis baixos).

Atendendo aos datos en relación co resto do Estado, destaca que o salario medio das mulleres galegas é de 23.153,78 euros anuais, fronte os 25.591,31 de media do Estado. É dicir, 9,5% menos das traballadoras galegas en relación á media do conxunto do Estado. Unha diferenza que pode alcanzar 25,4% se a comparativa se fai coas comunidades con salarios máis elevados do Estado.

En definitiva, aínda que nos últimos anos producíronse certos avances no camiño da igualdade, fica evidenciado que resta moito por facer para eliminar a fenda laboral e salarial, asegurando salarios e pensións dignas para as mulleres e que se garanta que reciban a mesma remuneración polo mesmo traballo que realizan os seus compañeiros.

Detrás da fenda salarial evidénciase a pervivencia dun sistema patriarcal que reserva ás mulleres traballos máis precarios, a tempo parcial, con menor estabilidade, así, ademais de percibir unha menor remuneración, cando rematan a súa relación laboral non teñen dereito a prestacións pola precariedade das condicións. Ademais, as mulleres seguen a asumir a maior parte da carga da conciliación e vense obrigadas a renunciar ao traballo remunerado pola atención ao coidado de familiares dependentes.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. Que valoración fai o Goberno da fenda salarial de case 16% que aínda sofren as mulleres galegas e que implica que cobren 4.326 euros menos ao ano? Que medidas adoptará para favorecer que se corrixa esta situación?
2. É consciente do impacto que isto ten non só no poder adquisitivo das mulleres galegas senón tamén nas pensións de xubilación? É coñecedor de que as mulleres galegas padecen unha fenda do 32,6% nas pensións de xubilación? Que medidas adoptou ao respecto?
3. Ten coñecemento de que as mulleres galegas, con 15,36 euros hora, ocupan o terceiro posto polo final coas retribucións máis baixas?
4. Que lle parece que 40,3% das mulleres asalariadas teñan ingresos inferiores ou iguais ao SMI fronte ao 28,1% dos homes?
5. Ten presente que as mulleres son avocadas a un modelo de contratación no que predomina a contratación parcial, en precario ou temporal que impide o acceso a prestacións cando finaliza a relación laboral e reduce cotización?
6. Que medidas está a desenvolver para acabar coa fenda salarial das mulleres galegas de forma real?

Madrid, a 24 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso